

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Indique o enunciado correcto:

- A) A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos.
- B) A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sempre que estes últimos teñan formalizado un concerto co Servizo Galego de Saúde.
- C) A Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste no conxunto do Estado nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sexan ou non concertados co Servizo Galego de Saúde.
- D) A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sexan ou non concertados co Servizo Galego de Saúde.

2. Indique a afirmación correcta en relación co réxime disciplinario que se recolle no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) O apercibimento, que será por escrito ou oral, só se imporá por faltas leves.
- B) O apercibimento, que será sempre por escrito, só se imporá por faltas leves ou graves.
- C) O apercibimento, que será sempre por escrito, só se imporá por faltas leves.
- D) O apercibimento, que será por escrito ou oral, só se imporá por faltas leves ou graves.

3. De acordo coa Lei de Saúde de Galicia, quen preside o consello de dirección do Servizo Galego de Saúde?

- A) A persoa alto cargo que estableza a norma regulamentaria que regule a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- B) A Lei de Saúde de Galicia non recolle no seu articulado ningún consello de dirección do Servizo Galego de Saúde.
- C) A persoa titular da dirección xeral do Servizo Galego de Saúde con competencias en asistencia sanitaria.
- D) A persoa titular da Consellería de Sanidade ou un algo cargo designado por esta como director-xerente.

4. As disposicións do Goberno que conteñan lexislación delegada recibirán o título de:

- A) Leis ordinarias.
- B) Leis orgánicas.
- C) Decretos Legislativos.
- D) Reais Regulamentos.

5. Sinale a afirmación incorrecta:

- A) O Parlamento de Galicia é inviolable.
- B) O Parlamento de Galicia fixará o seu propio orzamento.
- C) A circunscrición electoral nas eleccións ao Parlamento de Galicia será, en todo caso, a provincia.
- D) O Parlamento estará constituído por Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, indirecto e secreto.

6. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria

- A) Todos os españois e os cidadáns de países membros da EFTA.
- B) Unicamente os españois que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- D) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros nos termos que establece a Constitución.

7. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do:

- A) Parlamento, do Tribunal Superior de Xustiza e do seu Presidente.
- B) Parlamento, da Xunta e do seu Presidente.
- C) Parlamento, da Xunta e do Tribunal Superior de Xustiza.
- D) Parlamento, da Xunta, do Tribunal Superior de Xustiza e do Valedor do Pobo.

8. Sinale a afirmación incorrecta:

- A) A bandeira de España está formada por tres franxas horizontais, vermella, amarela e vermella, sendo a amarela de dobre anchura que cada unha das vermellas.
- B) Os Estatutos poderán recoñecer bandeiras e insignias propias das Comunidades Autónomas.
- C) As bandeiras e insignias propias das Comunidades Autónomas se utilizarán xunto á bandeira de España nos seus edificios públicos e nos seus actos oficiais.
- D) A bandeira de España está formada por tres franxas horizontais, vermella, amarela e vermella, sendo a amarela de igual anchura que cada unha das vermellas.

9. De acordo coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, quen exercerá a Secretaría Xeral da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo?

- A) A persoa titular da Subsecretaría de Sanidade e Consumo.
- B) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- C) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- D) Unha persoa alto cargo en representación das Comunidades Autónomas.

10. De conformidade co artigo 28 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, será requisito adicional para que o persoal en activo ou con reserva de praza sexa admitido ao concurso de traslados:

- A) Tomar posesión na praza desempeñada cun ano de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- B) Tomar posesión na praza desempeñada con dous anos de antelación, como mínimo, á data de publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
- C) Tomar posesión na praza desempeñada con dous anos de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- D) Tomar posesión na praza desempeñada cun ano de antelación, como mínimo, á data de publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

1. En que ano se aprobou a vixente Lei Xeral de Sanidade?

- A) 1986.
- B) 1996.
- C) 1982.
- D) 1981.

2. Sinale a afirmación correcta en relación coa formalización da declaración de instrucións previas que contempla a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

- A) Ante tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, das cales dúas, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o terceiro grao nin estar vinculados por relación patrimonial co outorgante.
- B) Ante dúas testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, das cales unha, como mínimo, non poderá ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculado por relación patrimonial co outorgante.
- C) Ante Notario. Neste suposto non será necesaria a presenza de testemuñas.
- D) Ante Notario coa presenza de tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar.